

APERTURA INSCRICIÓN CURSO

O PAVILLÓN ERRANTE

Xenealoxía do sistema da arte en España (1937-1992)



Organiza: AAM Agrupación Amiga do MARCO

Impartido por: Suso Fandiño

Lugar: salón de actos

Datas: **5, 12, 19 e 26 de febreiro** de 2026 (4 sesións)

Horario: xoves de 19.00 a 20.30

PRAZAS LIMITADAS ata completar capacidade

Prezo: 40€ (30€ para membros AAM Agrupación Amiga do MARCO e para estudantes, previa acreditación).

Inscripción e matrícula a partir do **13 de xaneiro** por email ou presencialmente en taquilla MARCO

Horario taquilla: de martes a sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00.

Domingos de 11.00 a 14.30

Tel. +34 986 113900 (extensión 200) / recepcion@marcovigo.com

PROGRAMA / CALENDARIO

SESIÓN 1

Xoves 5 febreiro

O Pavillón de 1937: arte, política e exilio

A primeira sesión propón unha aproximación ao Pavillón Español da Exposición Internacional de París de 1937 como punto de partida e mito fundacional do relato moderno da arte española. Concibido por José Luis Sert e Luis Lacasa en plena Guerra Civil, o edificio condensou na súa estrutura efémera un xesto político e estético de resistencia, integrando arquitectura, artes plásticas, literatura e cinema nun mesmo discurso antifascista.

O *Guernica* de Picasso, creado expresamente para aquel espazo, converteuse no eixo simbólico do Pavillón e nunha imaxe de denuncia universal fronte á barbarie. A súa traxectoria posterior foi tamén un reflexo da historia do século XX: tras a clausura da exposición, a obra iniciou un percorrido itinerante por Europa e América co obxectivo de apoiar a causa republicana e visibilizar as consecuencias da guerra. Exhibiuse en Oslo, Copenhague, Estocolmo, Londres e noutras capitais europeas antes de emprender unha longa viaxe por América, onde percorreu cidades como Nova York, San Francisco, Chicago, Boston ou Filadelfia.

En 1939, coa derrota da República, o cadro quedou baixo a custodia do Museum of Modern Art (MoMA) de Nova York, por decisión expresa de Picasso, quen estableceu que non regresaría a España mentres non se restablecesen a democracia e as liberdades públicas. Desde ese momento, o MoMA non só se converteu en gardián físico da obra, senón tamén en mediador do seu significado simbólico, integrándoa no relato internacional da arte moderna e dotándoa dunha nova dimensión política. Durante os anos da Segunda Guerra Mundial, o *Guernica* pasou de ser unha obra vinculada á traxedia española a converterse nunha imaxe universal contra a guerra e o totalitarismo, asumida pola cultura estadounidense como símbolo do pacifismo e do humanismo moderno. A súa presenza no MoMA consolidou o seu carácter de obra “sen fronteiras”, unha icona global da resistencia ante a violencia, que superou a súa orixe histórica para falar de calquera conflito, de calquera vítima e de calquera exilio.

PROGRAMA / CALENDARIO

SESIÓN 2

Xoves 12 febreiro

A vangarda domesticada: arte, modernidade e propaganda durante o franquismo

A segunda sesión aborda o proceso de reconfiguración do sistema artístico español baixo o franquismo, marcado pola censura, o illamento e a instrumentalización cultural. Nas décadas de 1950 e 1960, a modernidade reaparece como ferramenta diplomática e signo de apertura, especialmente no contexto da Guerra Fría.

O Informalismo español, entendido como linguaxe abstracta e non figurativa, foi progresivamente apropiado polo réxime como símbolo dunha modernidade controlada, útil para proxectar ao exterior unha imaxe de renovación estética e aparente liberdade creativa. A súa difusión internacional converteuno nun instrumento de lexitimación política, que procuraba situar España no mapa da modernidade occidental mentres se silenciaban as súas contradicións internas.

A sesión analiza esta tensión entre autonomía estética e manipulación institucional: por unha banda, artistas e críticos que trataban de preservar espazos de independencia e diálogo con Europa; por outra, un Estado que facía da modernidade unha retórica cultural ao servizo da propaganda. Nese contexto, o *Guernica* — aínda no exilio— mantense como ausencia elocuente, espello daquilo que o sistema oficial non podía asumir: a memoria, o exilio e o compromiso político da arte.

Co final do réxime, este modelo entra en crise e ábrese un novo escenario de relectura do pasado recente. Un episodio clave é a Bienal Española de 1976, coñecida como “Bienal Roja”, celebrada xa tras a morte de Franco. Aquel evento supuxo un exercicio de recuperación simbólica da vixencia da vangarda e da súa dimensión patrimonial: un intento de reapropiar o discurso da modernidade desde unha óptica crítica e democrática.

PROGRAMA / CALENDARIO

SESIÓN 3

Xoves 19 febreiro

A reconstrución simbólica: o mito do último exiliado

A terceira sesión analiza o papel do Pavillón de 1937 e do *Guernica* como símbolos reconstruídos durante a Transición, nun momento de redefinición do relato nacional e das políticas culturais do Estado. A finais dos setenta, a recuperación do legado do Pavillón convértese nunha operación de reconciliación cultural e política que busca restaurar a continuidade histórica interrompida pola guerra e a ditadura.

Neste proceso, os ministerios da UCD con competencias culturais, baixo figuras como Pío Cabanillas, nos seus inicios tiveron un protagonismo decisivo. Cómpre subliñar que non se trata do antigo Ministerio de Información e Turismo (propio do franquismo), aínda que algúns responsables das novas carteiras culturais procedían dese ecosistema e prolongaron certas lóxicas diplomáticas e institucionais, reorientándoas cara a unha lexitimación democrática. Esta continuidade-ruptura permitiu transitar dun uso propagandístico da modernidade a un discurso de consenso, no que o regreso do *Guernica* se presentou como sinal de normalización europea e modernización institucional.

En paralelo, fórxase nos medios o “mito do último exiliado”: unha fabricación simbólica segundo a cal a chegada do *Guernica* a España representaría non só o retorno dunha obra, senón tamén o peche do ciclo do exilio e, por extensión, o fin da Transición e o inicio pleno da democracia. Esta narrativa —aínda que non literal nin historicamente exacta— prendeu no imaxinario colectivo, asociando o cadro á idea de reparación e reencontro nacional, e convertendo a súa exhibición no Casón del Buen Retiro (1981) nun auténtico ritual simbólico de inicio da democracia.

PROGRAMA / CALENDARIO

SESIÓN 4

Xoves 26 febreiro

Da memoria ao museo: resignificación e legado

A última conferencia céntrase no período que se estende desde a instalación definitiva do *Guernica* no Museo Reina Sofía en 1992 ata a actualidade, momento no que se consagra como obra fundacional do relato da arte contemporánea española.

Este episodio coincide coa institucionalización do Reina Sofía como museo nacional de arte moderna —herdeiro simbólico do Pavillón de 1937— e coa progresiva musealización da memoria histórica. Analizarase como, desde os anos noventa, o *Guernica* foi obxecto de sucesivas reinterpretacións críticas, curatoriais e políticas: desde o seu uso como imaxe de consenso e símbolo patrimonial ata a súa lectura contemporánea como dispositivo de memoria e testemuño do conflito.

A sesión final propón que o “pavillón errante”, desprazado e resignificado, continúa funcionando como metáfora da mobilidade do relato histórico español, entre historia, trauma e reconstrución institucional.

Esta etapa coincide tamén cun proceso de expansión e transformación do sistema artístico español, especialmente durante os anos noventa e os primeiros compases do século XXI. Prodúcese unha proliferación de museos, centros de arte e institucións autonómicas, impulsada pola descentralización política e polo novo mapa cultural do Estado das autonomías.

Este proceso de deslocalización da “Institución Arte Española” supón a aparición de múltiples focos —Madrid, Barcelona, Valencia, Galicia, Bilbao, Sevilla ou León, entre outros— que redefinen o relato centralista do sistema, promovendo novas narrativas de diversidade e pluralidade territorial. O fenómeno institucional que nace co *Guernica* e o Reina Sofía espállase así por todo o país, configurando un ecosistema plural e fragmentado que reflicte tanto a riqueza como as tensións da cultura contemporánea española.

+ INFO sobre Suso Fandiño en <http://susofandino.com/fandino/es/bio>

Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113900 ext. 308 / 886 129061

comunicacion@marcovigo.com